

Resolución pola que se da publicidade do acordo adoptado polo comité de selección das candidaturas finalistas dos Premios de Investigación en Saúde no Sistema Público de Saúde de Galicia 2025 (procedemento SA304E)

Segundo o establecido no artigo 17 das bases reguladoras da convocatoria dos Premios de investigación en saúde para o ámbito de Galicia no marco do proxecto TRANSFIRESaúde do Programa de Cooperación Interreg VI-A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027, publicadas pola Resolución do 12 de novembro de 2025 da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (DOG num. 225 do 20 de novembro de 2025), unha vez revisadas as candidaturas, un comité de selección constituído pola persoa titular da Área de Planificación e Promoción da Investigación Sanitaria e dous representantes de cada unha das rexións, Galicia e Norte de Portugal que forman parte en calidade de socios do Proxecto TRANSFIRESaúde, seleccionará as candidaturas finalistas para cada modalidade de premio para a súa valoración polo Xurado.

Con data 19 de xaneiro de 2026, o comité de selección adoptou acordo polo que se establecía a relación de candidaturas finalistas dos Premios de Investigación en Saúde no Sistema Público de Saúde de Galicia 2025, segundo o resultado do proceso de avaliación realizado de acordo cos criterios establecidos no artigo 18 das bases reguladoras da convocatoria.

Posteriormente, con data 27 de xaneiro de 2026, unha das candidaturas inicialmente seleccionadas como finalista na modalidade de **Proxectos de Investigación Sanitaria en Atención Primaria** o seu IP comunicou formalmente a súa **retirada voluntaria do procedemento**, renuncia que foi aceptada polo comité de selección.

NOME DO PROXECTO/ ACRÓNIMO	LÍÑA DE INVESTIGACIÓN	AUTOR/AUTORES
PROGRAMA PRÁCTICAS SEGURAS CON OPIOIDES	Efectividade dun programa de prácticas seguras (na prescripción e deprescripción) de fármacos opioides en Atención Primaria	Modesto Martínez Pillado Nuria Iglesias Álvarez Antonio Ángel Regueiro Martínez

En consecuencia, e co obxecto de garantir a continuidade do procedemento e o respecto á orde de prelación resultante da avaliación, procedeuse a **incorporar ao listado de candidaturas finalistas a seguinte candidatura con maior puntuación**, segundo a orde resultante do proceso de avaliación, mantendo inalterados os criterios aplicados e o resto do acordo adoptado polo comité de selección.

Á vista do anterior, a **relación definitiva de candidaturas finalistas** queda establecida do seguinte xeito (listadas por orde alfabética):



Modalidade: PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN SANITARIA EN ATENCIÓN PRIMARIA

NOME DO PROXECTO/ ACRÓNIMO	LÍÑA DE INVESTIGACIÓN	AUTOR/AUTORES
COÑECEMENTO SOBRE CANCRO ORAL E ENFERMIDADE PERIODONTAL EN GALICIA	Diagnóstico precoz/ retraso diagnóstico en cancro oral.	Pablo Ignacio Varela Centelles Rosendo Bugarín González Maria del Carmen López Silva Andrés Blanco Hortas José Luis López-Cedrun Cembranos Miguel Anxo Losada López Ana Estany Gestal
ENSAIO PARA MELLORAR A COBERTURA VACINAL EN ADULTOS NA ATENCIÓN PRIMARIA DE GALICIA.	Vacinación do adulto en Atención Primaria.	Juan Manuel Vázquez Lago Cristina Fernández Pérez Olalla Vázquez Cancela Ángeles Bouzas Rodríguez M. Magdalena Santana Armas Susana Mirás Carballal Soraya Méijome Blanco Paula Antelo Pais Rosendo Bugarín González Ana López Durán María del Carmen Fernández-Tuñas Sandra Vidal Martínez
GRAVICAP	Metabolismo y Riesgo Cardio vascular	Sergio Cinza Sanjurjo Daniel Rey Aldana Manuel Portela Romero Nerea Sánchez Varela
RECAP-ECO	Reclasificación de Risco Cardiovascular en pacientes de baixo-moderado ou alto risco mediante screening ecográfico da placa aretomatosa carotídea na práctica asistencial de Atención Primaria	David Rial Villar Daniel Rey Aldana Manuel Portela Romero Sergio Cinza Sanjurjo Nerea Sánchez Varela
SIMOA	Estratificación biolóxica precoz do deterioro cognitivo en Atención Primaria mediante biomarcadores séricos ultrasensibles	Juan Sánchez Castro José Maria Prieto González Daniel Rey Aldana José Gómez Rial Roberto Carlos Agís Balboa Áurea Lara de Maia Santos Almeida Purificación Cacabelos Pérez Xiana Rodríguez Osorio Emilio Rodríguez Castro Javier López González



Modalidade: TRAXECTORIAS EMERXENTES DE INVESTIGACIÓN EN SAÚDE

NOME CANDIDATO	LÍÑA DE INVESTIGACIÓN
Arca Suárez, Jorge	Investigación en Microbioloxía
Mondelo García, Cristina	FarmaCHUS Lab
Moscoso Rial, Alexis	Imaxe Molecular
Ouro Villasante, Alberto	Neuroenvellecemento
Oviaño García, Marina	Investigación en Microbioloxía

En Santiago de Compostela, a 27 de xaneiro de 2026.

A Directora da Área de Planificación e Promoción da Investigación Sanitaria da ACIS,

Pilar Morgade Saavedra

Vº e Prace

O Xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo